

LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX

1. 1º TERZO DO SÉCULO XX (ata 1936)

1.1. Contextualización

A literatura galega do 1º terzo do século XX vai continuar o ideario galeguista como signo de identidade que comezaran na etapa anterior (Rexurdimento) Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal. O dito ideario é defendido por un grupo de intelectuais denominados Irmandades da Fala. Entre as súas reivindicacións destacan:

- Oficialidade do galego.
- Cultivo sistemático do galego na fala e na escrita.
- Aumento das publicacións en galego, incluídas as traducións.
- Presenza do galego no ensino.

Grazas ao traballo das Irmandades da Fala nacen editoriais como Céltiga ou Lar.

A partir deste grupo xorde máis tarde o chamado grupo Nós, un conxunto de escritores considerados os creadores da prosa moderna en lingua galega. Os seus principais integrantes foron: Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. A súa empresa colectiva máis importante foi a revista Nós, que aparece en 1920, dirixida por Risco e con Castelao como responsable artístico.

Outro proxecto desta época é o Seminario de Estudos Galegos, fundado no 1923 por un grupo de universitarios que pretenden estudar diferentes manifestacións da cultura galega. Ademais, publicaron as primeiras normas ortográficas para a lingua datadas do ano 1933. Os seus integrantes foron: Fermín Bouza Brei, Xosé Filgueira Valverde ou Lois Tobío, entre outros.

Toda esta actividade cultural de defensa do espírito galeguista tamén se ve alentada pola fundación do Partido Galeguista no 1931. O seu obxectivo era elaborar un Estatuto de Autonomía, este foi plebiscitado favorablemente no 1936, pero non chegou a entrar en vigor por mor do golpe militar.

1.2. Poesía

1.2.1. Destacan neste momento dous autores:

- Antonio Noriega Varela: é moi importante a súa obra *Do ermo* porque inicia a poesía de comezos de século, nela reflíctese a vida rural.

- Ramón Cabanillas, denominado *o poeta da raza*. Na súa obra distínguense as seguintes etapas:
 - Etapa pregaleguista (ata 1915). Obras: *No desterro* e *Vento mareiro*.
 - Etapa galeguista (ata 1920). A súa obra máis destacada desta época é *Da terra asoballada*.
 - Etapa mítica (ata 1930). Destaca a súa obra *Na noite estrelecida*.
 - Etapa de posguerra (ata 1959). Obras: *Da miña zanfona* e *Samos*.

1.2.2. Poesía de vangarda

A vangarda é un conxunto de movementos artísticos europeos (1910-1930) que se aplica a todos os campos estéticos: pintura, escultura, música, literatura... Non conciben a arte como imitación da realidade, senón como nova interpretación persoal desta.

A variedade de correntes estéticas literarias denomínanse *ismos* e os europeos máis importantes foron: futurismo, cubismo, dadaísmo, surrealismo e creacionismo.

O grupo Nós coa súa visión europeizadora e universalizadora da literatura abriulle as portas á incorporación das vangardas á literatura galega.

Os vangardistas galegos son mozos nados ao redor do ano 1900 que reciben tamén o nome de xeración do 25, os *ismos* galegos son unha mestura de tradición e modernidade. Distínguense dúas tendencias vangardistas no dominio literario galego:

- Vangarda matizada
 - Hilozoísmo: o seu representante é Luís Amado Carballo (obras: *Proel*, *O galo*). Na súa poesía preséntase unha natureza viva, a paisaxe humanízase.
 - Neotrobadorismo: os seus representantes son Fermín Bouza Brey (obra: *Nao senlleira*), Álvaro Cunqueiro (obras: *Cantiga nova que se chama riveira*, *Dona do corpo delgado*) e Xosé María Álvarez Blázquez (obra: *Cancioneiro de Monfero*). Esta corrente supón unha reformulación de estilos e temas da tradición medieval.
- Vangarda plena
 - Surrealismo: o seu representante é Álvaro Cunqueiro (obra: *Poemas do si e non*).
 - Creacionismo: o seu representante é Manuel Antonio, é autor do manifesto *Máis alá*, que defende unha idea totalmente nova da literatura. A súa obra principal é *De catro a catro*.

1.3. Narrativa

Nesta etapa nace e consolídase a narrativa contemporánea en galego, propiciada por un espazo político e cultural galeguista impulsado polas Irmandades da Fala e pola creación de editoriais que favoreceron o acceso aos libros escritos en galego.

1.3.1. Grupo Nós

Os seus membros caracterízanse por:

- Procedencia social acomodada.
- Sólida formación intelectual.
- Ideoloxía que sintetiza o tradicionalismo e o pensamento progresista.
- Vocación pedagóxica.
- Creadores da prosa galega contemporánea.

Estes son os seus integrantes máis destacados:

- Ramón Otero Pedrayo. Na súa obra podemos sinalar:
 - o *Os camiños da vida*, nesta obra fala da desaparición da sociedade rural tradicional galega, dominada polos fidalgos e polo clero.
 - o *A romaría de Xelmírez*.
 - o *Arredor de si*, retrato xeracional do grupo Nós.
- Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. A súa importancia non reside unicamente na calidade da súa obra literaria e artística, senón tamén no que representa para a cultura galega, como aconteceu coa figura de Rosalía de Castro no século XIX.

Os temas da súa narrativa son:

- o Compromiso cos máis débiles.
- o Crítica da marxinación económica galega.
- o Defensa da lingua.
- o Papel protagonista das clases populares.

Estas son as súas obras narrativas destacadas:

- o *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*.
- o *Cousas*: é o libro máis orixinal de Castelao, son relatos nos que combina o debuxo e a narración.
- o *Os dous de sempre*: narra as peripecias vitais e as ambicións de Pedro e Rañolas, contrapostos desde a súa infancia á madurez.
- o *Retrincos*: cinco relatos sobre cinco momentos autobiográficos.

Castelao tamén publicou no exilio a súa obra de ensaio *Sempre en Galiza*.

- Vicente Risco. As súas obras máis importantes son:
 - *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*.
 - *O porco de pé*: é unha novela satírico-burlesca na que o seu protagonista, don Celidonio, home vulgar e inculto, se converte no alcalde da vila e representa a figura do cacique. En contraposición a el, atópase o representante da intelectualidade, o doutor Alveiros.

Tamén destaca o seu ensaio *Teoría do nacionalismo galego*.

1.3.2. Novecentistas

Os seus integrantes promoveron a creación do Seminario de Estudos Galegos. O seu representante máis destacado foi Rafael Dieste coa obra *Dos arquivos do trasno*, unha colección de contos de temática variada que xiran arredor da psicoloxía e das experiencias da xente galega.

1.4. Teatro

As principais características deste xénero literario nesta época son:

- Deixa de ser un divertimento para converterse nunha arma política, reivindicativa.
- Diversifícase a oferta teatral.
- Créase o Conservatorio Nazonal de Arte Galega.

Entre os autores máis destacados temos a:

- Ramón Cabanillas. Obras: *A man da santiña*, *O mariscal*.
- Autor do teatro das vangardas:
 - Rafael Dieste. Obra: *A fiestra valdeira*.
- Autores da xeración Nós:
 - Vicente Risco. Obra: *O bufón de El Rei*.
 - Ramón Otero Pedrayo. Obras: *A lagarada*, *Teatro de máscaras*.
 - Castelao. Estreou en Bos Aires *Os vellos non deben de namorarse*.